



## **INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR PARA A DEFENSA E A PROMOCIÓN DA SANIDADE PÚBLICA EN GALIZA. PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA**

A **Plataforma SOS Sanidade Pública** promove a Iniciativa Legislativa Popular coa finalidade de deter a política de recortes e privatizacións da Sanidade Pública impulsada polo Goberno Galego porque garante o dereito constitucional á protección da saúde dos cidadáns galegos.

### **Coa Iniciativa pretendemos**

- Manter a Sanidade Pública como servizo universal, gratuíto e de calidade, como responsabilidade do Goberno galego
- Manter a xestión pública e directa do Sistema de Saúde de Galiza
- Mellorar a capacidade resolutiva en atención primaria dotándoa do persoal e medios tecnolóxicos suficientes, cunha cobertura equilibrada en todo ou territorio galego e para toda a poboación.
- Mellorar a xestión sanitaria mantendo as actuais áreas sanitarias como espazo para a planificación e xestión unitaria dos recursos sanitarios que garanta a equidade e a racionalidade.

**A mobilización cidadá e profesional é fundamental para frear os recortes e privatizacións da Sanidade Pública Galega.**

**A túa firma é o primeiro paso para facer fronte activamente ao desmantelamento da Sanidade Pública**